

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Íñigo
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García Señorán, M^a del Mar
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, M^a Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel
Domínguez Blanco, Santiago
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoán

CONSELLO SOCIAL

Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

INVITADOS

Alonso Prieto, Elena
Baamonde Silva, Xosé
Buxán Bran, Xosé M.
Cruz Glez., Montserrat
Formella, Arno
José F. Montero Reguera
Romo Pérez, Vicente
Torres Pérez, Francisco J.

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 12 de xuño de 2020, convocada para ás 16:00 h. en primeira convocatoria e ás 16:30 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 16:00 do día 12 de xuño de 2020 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e outros seis membros asisten presencialmente no Paraninfo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un streaming con contrasinal por Uvigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)
- Nas quendas de palabra.

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- Proposta de aprobación por asentimento
- Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)
- Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento
- Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado
- Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria que manifestaron interese en asistir á reunión poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cunha contrasinal que se lles comunicará antes do comezo da mesma.

Os puntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación, se procede, do conxunto de medidas extraordinarias e urxentes cara á docencia no curso 2020/21.

O reitor comenta que se trata do punto 3 do anterior Consello de Goberno ordinario, que recibiu emendas, as cales foron incorporadas dando lugar a un novo texto que servirá de base para o debate, se o Consello o estima oportuno. Comenta que chegaron unhas recomendacións do Ministerio de Universidades que coinciden plenamente co proxecto que está a presentar a Universidade de Vigo (p.e. retransmisión en streaming das clases, mesturar a docencia presencial e non presencial mediante rotacións, etc...). Foron corrixidos pequenos erros en cando á separación do alumnado, que deberá ser de 1.5 metros (amosa unha nota da CRUE de hoxe mesmo que corrixe as fórmulas do documento do Ministerio). Este documento encaixa coas ideas que xa tiña pensadas o equipo de goberno e que serán obxecto do debate neste punto. Haberá que ter en conta as posibilidades de espazo. O reitor describe os distintos puntos detallados nas recomendacións do Ministerio, do 11 de xuño. Trátase de non perder semanas de docencia en caso de repuntes da pandemia. Abórdanse tamén no documento do Ministerio as necesidades de formación do profesorado, atención ao alumnado, medidas de conciliación para os horarios do PDI, persoas vulnerables. Fala tamén o reitor das posibilidades de financiación que se están a plantexar e que serán abordadas noutros puntos da orde do día.

Xoán Cebro indica que “a Xunta de Galicia ten publicado no portal de transparencia a información que se xunta abaixo na que se establece o que consideran persoal especialmente sensible, entre os que inclúe a empregados públicos con fillos menores de idade (NON menores de 12 anos)”. RESOLUCIÓN de 12 de marzo de 2020, de la Secretaría General Técnica de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia por la que se le da publicidad al Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia, de 12 de marzo de 2020, por el que se aprueba el Protocolo de actuación para el personal empleado público de la Administración de la Xunta de Galicia en relación con el coronavirus COVID-19. https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2020/20200312/2255/AnuncioG0244-120320-4_es.html

O reitor indica que se recibiron arredor de 300 emendas, moitas das cales foron incluídas no texto base que se presenta. Pide que o texto se tome como punto de partida para o debate, sen que iso exclúa a defensa das emendas. Marta Pazos sinala que o comité ao que representa sempre estivo aberto ao diálogo e que o equipo sempre lles dixo que habería tempo e que habería unha mesa de negociación. Pensa que debería negociarse cos representantes dos traballadores xa que está directamente relacionado coas condicións de traballo. Pensa que a negociación coa mesa é preceptiva. O reitor responde que o que se sinala no texto non precisa de negociación da mesa e que xa os representantes sindicais do PDI teñen voz no Consello de Goberno.

O reitor indica que hai tres emendas á totalidade. Unha da Facultade de Ciencias da Educación, outra da Escola Superior de Enxeñaría Informática (que pide un apazamento ata que pase pola mesa de PDI) e hai outra da Facultade de Filoloxía e Tradución (para comezar de xeito non presencial). Pide que os decanos ou directores defendan estas emendas.

Comeza a decana da Facultade de Ciencias da Educación, indicando que o seu centro non está en contra dos avances na docencia, pero que no seu centro non entendían a necesidade deste

documento e que non era precisa unha regulación destes aspectos, así como a falta dos axentes interesados, xa que afectaba as condicións laborais do PDI. Quedaban moitas cousas de lado e que esta era unha situación excepcional. Faltaba unha reflexión sobre a metodoloxía, e manter a presencialidade, así como a necesidade dun plan de fondos bibliográficos.

O decano da Facultade de Filoloxía e Tradución di que pesaron os números da pandemia, no mesmo sentido que universidades como a de Cambridge, para solicitar o paso á docencia virtual no primeiro cuatrimestre, aínda que saíu adiante por escasos votos. No entanto, o centro adaptárase á decisión que se tome.

Francisco J. Rodríguez indica que a emenda responde á súa representación sindical e que se trata do aprazamento tras a negociación na mesa sindical, no mesmo sentido que o manifestado por Marta Pazos.

Propónse a votación das emendas á totalidade, de xeito que as dúas que obteñan mais votos pasen á segunda rolda se ningunha obtén a maioría absoluta. O reitor aclara como serían os termos da votación entre a tres emendas á totalidade e o texto base.

Edita de Lorenzo pregunta se non deberíamos incluír a opción de "abstención". O reitor aclara que os que non voten figurarán como abstención.

O resultados son: texto base (32 votos), emenda da Facultade de CC. da Educación (1), Escola Superior de Enxeñaría Informática (5) e Facultade de Filoloxía e Tradución (0).

Comeza o debate das emendas ao texto base, segundo os puntos do mesmo.

O documento presenta a seguinte estrutura:

***Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento
da organización docente no curso 20/21 en caso de crise sanitaria***

PREÁMBULO

O carácter presencial da docencia e o normal desenvolvemento no espazo físico dos campus de actividades académicas, deportivas, culturais... é un dos signos de identidade dunha institución pública como a Universidade de Vigo. Pero esa presencialidade e ese normal desenvolvemento de actividades require unhas determinadas condicións de seguridade para a saúde e a vida de todas e todos os membros da comunidade universitaria.

O xoves 12 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia acordou unha serie de medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Unha de tales medidas foi suspender a partir do luns 16 de marzo as actividades académicas no ensino universitario (apartados primeiro.D e sexto do citado acordo). Dous días máis tarde, o 14 de marzo, o Consello de Ministros declarou, mediante Real Decreto 463/2020, o estado de alarma, situación provisional e excepcional que tras sucesivas prórrogas concedidas polo Congreso, mantense hoxe en todo o territorio do Estado.

Esta grave e inédita situación obrigou a reorganizar toda a actividade docente dos títulos en curso para adaptala ás novas esixencias da “non presencialidade”. O profesorado, contando coa colaboración e o esforzo de todos os órganos, centros e unidades da nosa Universidade, conseguiu o obxectivo en tempo récord. Así, ao longo da segunda quincena de marzo, e dos meses de abril e maio, o estudiantado da Universidade de Vigo tivo acceso a unha docencia virtual (a través da ferramenta FAITIC e do Campus Remoto) por medio da cal puido continuar a súa formación académica nunhas condicións razoables, próximas ás propias da irrenunciable modalidade da docencia presencial.

A principios de xuño de 2020 é imposible predicir con certeza cal vai ser o escenario de saúde pública á volta do verán, cando comece o próximo curso 2020/21. É responsabilidade de toda a comunidade universitaria contribuír a que recuperemos a presencialidade sen atrasos indebidos e en óptimas condicións de seguridade para a saúde e a vida de todas as persoas. E é competencia do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, ao abeiro do art. 16.b dos Estatutos, anticiparse a todos os posibles escenarios e sentar, segundo a situación, as directrices para o desenvolvemento da actividade académica durante o vindeiro curso.

Tres ideas deben presidir esta decisión. En primeiro lugar, ter sempre como horizonte desexado a volta á presencialidade académica en condicións homologables ás existentes antes do 12 de marzo, e segundo o que estaba previsto nas guías docentes e das titulacións; calquera outra situación debe considerarse necesariamente excepcional e transitoria. En segundo lugar, que cada paso e cada decisión se adopte cun escrupuloso respecto ás medidas que sexan precisas para un desexable marco de seguridade para a saúde e a vida dos membros da comunidade universitaria. E, terceira, que tal como recolle o artigo 37 dos Estatutos, en todos os casos e modalidades de docencia (presencial, mixta ou non presencial), a responsabilidade de todos os aspectos relacionados coa organización e a xestión da docencia recae sobre os centros, en coordinación cos departamentos. Neste sentido é preciso deixar claro que o Consello de Goberno, lonxe de tentar impor aos centros e departamentos un modelo de organización único da docencia, o que desexa é facilitar que se dean as condicións e requisitos necesarios, para que poidan adaptar á súa actividade docente ás peculiaridades e necesidades de cada título.

(Non hai emendas nin ao título nin ao preámbulo).

I. Sobre as modalidades de actividade docente.

1. Na Universidade de Vigo, a actividade docente exclusivamente presencial poderá, de xeito extraordinario e temporal, verse modificada coa finalidade de garantir a saúde ou a seguridade públicas, dando lugar así a unha modalidade mixta, e incluso verse substituída por un modelo de actividade docente non presencial.

2. Sen prexuízo do que se indicará respecto da modalidade non presencial, a modalidade mixta activarase mediante Resolución Reitoral sempre que as autoridades ditén unhas medidas sanitarias que así o exixan. Nesta modalidade, só unha parte do alumnado permanecerá na clase xunto co profesor (que poderá seguir sendo do 100% nalgúns casos), seguindo o resto do alumnado as clases a distancia dun modo preferentemente síncrono.

DEBATE:

Emilio Fernández comenta que este proceso era necesario e felicítase polo debate e polas emendas presentadas. O documento presentado é mellor que o anterior, incluíndo un preámbulo, mais claro, cun proceso amplo de participación. Era necesario abrir este debate. Poderíase ter levado á mesa de negociación. Expón unha discrepancia relativa á autonomía dos centros. Pensa que as solucións únicas non son útiles e que mais ben deben adaptarse ás peculiaridades de cada centro e titulación. A docencia presencial é esencial e nisto estamos todos de acordo, así como o paso á docencia virtual en fase de confinamento. Na docencia mixta sincrónica móstrase mais cauteloso e pregúntase se é a única posibilidade, dado que o texto do Ministerio son recomendacións e non teñen en conta a diversidade das universidades españolas ou dentro de cada unha delas. Hai opcións mellores nun centros que non son tan boas para outros. Pensa que deben ser os centros os que deben tomar a decisión sobre o tipo de docencia a desenvolver. Se fose así, apoiarían o documento. A maioría das emendas dos centros entende que van nesta dirección. Pensa que se pode facer rápido, xa que non ten comentarios adicionais para o resto dos puntos. Cre que o documento do Ministerio reforza a postura do equipo de goberno, aínda que insiste en que se trata de meras recomendacións que se poden adaptar ás peculiaridades de cada universidade.

O reitor comenta que a autonomía universitaria permitiría tomar medidas diferentes. Podería poñerse máis claro o punto 1.9, que le: *“Tanto no caso de paso á modalidade de docencia mixta contemplada no punto 2, como á modalidade non presencial contemplada no punto 7, os centros, en coordinación con departamentos, serán os responsables de todos os aspectos relacionados coa organización e xestión da docencia, tal como recolle o artigo 37 dos Estatutos”*. Pódese buscar unha redacción mais clara, aínda que entende que se recollera a proposta de Emilio Fernández. Propón debatelo ao final. Emilio Fernández aclara mellor a súa proposta, que se centra na docencia mixta. Que os centros decidan o modelo de semipresencialidade que prefiren para os seus centros. O reitor propón engadir o punto 3.5 dentro da proposta de modalidades de actividade docente das emendas presentadas polo grupo Ideas que Suman, ou substituír o punto 1.2 polo mesmo. Buscarase unha redacción partindo da emenda presentada por Ideas que Suman no punto 1, emenda número 3, punto 5.

Arno Formella comenta que este aspecto foi debatido tamén no seu centro e pensa que é unha boa idea deixar liberdade aos centros neste aspecto. José Luis Míguez indica que *“con lo que se plantea ahora, se considera que un centro puede hacer toda la docencia online”*.

3. A Reitoría proveerá aos centros dunha solución técnica que contemple o uso simultáneo das aulas físicas e das aulas virtuais, na que tanto o alumnado presente no centro coma o ausente poidan ter acceso sincrónico ás presentacións feitas polo/a docente e interactuar en pé de igualdade, debendo os centros establecer as quendas que garantan un reparto equitativo do alumnado, así como os criterios para definilas e os mecanismos para o coñecemento coa antelación suficiente por parte do alumnado da posibilidade de asistir ás clases de xeito presencial.

DEBATE:

Francisco J. Rodríguez indica que o problema no seu centro refírese aos grupos de prácticas e que deberían ser libres de poder adaptalo ás peculiaridades do seu centro. Cre que deberían eliminarse ás referencias á sincronía. Pensa que non é posible comparar as posibilidades que oferta a clase presencial. Aspira a organizarse consonte á docencia do profesorado. Insiste en matizar as



referencias á sincronía. Defende a autonomía orzamentaria dos centros, cara á inversión en aulas docentes, para flexibilizar e garantir o correcto comezo do curso.

Íñigo Cuiñas comenta que as emendas do seu centro van na mesma liña que Francisco J. Rodríguez, cara a defender da autonomía dos centros o do seu profesorado. Pide unha redacción máis laxa que permita a adaptación da norma. Pide unha redacción máis simple da norma, cara a facilitar a docencia dos centros. Opina que a sincronía en si mesma non é tan importante. O reitor pensa que non se pode redactar un documento que permita fuxir da presencialidade. Débese apostar pola máxima presencialidade. Íñigo Cuiñas pensa que hai outras formas de garantir esa presencialidade igualmente válidas.

Francisco J. Rodríguez indica o contido da emenda proposta polo seu centro.

Elena Alonso quere trasladar que as súas emendas ao punto 1.2 e 1.3 son similares as presentadas polos anteriores intervenientes. Cre que os centros coñecen mellor as opcións dispoñibles e máis axeitadas, aínda que se deba traballar coordinadamente, por exemplo, no momento de decidir que horas de presencialidade deben prevalecer, xa que a metodoloxía docente é diferente na contorna virtual e na presencial.

José Luis Míguez cre que estas propostas dan excesiva liberdade ao profesorado e que os decanos deberían, en exercicio das súas funcións, artellar ben esa actividade. Todo debería ser homoxéneo e coordinado, en calquera caso. Fala da súa preocupación polas prácticas e o desenvolvemento das mesmas de acordo coas normas de prevención e de espazos dispoñibles.

O reitor indica que estase a preparar un texto alternativo ao punto 1.2. que diría así: “sen prexuízo do que se indicará respecto da modalidade non presencial, a modalidade mixta activarase mediante Resolución Reitoral sempre que as autoridades diten unhas medidas sanitarias que así o exixan. Nesta modalidade, o alumnado combinará actividades docentes presenciais e non presenciais na proporción, forma e alcance que cada centro considere adecuado nun marco de coherencia coas memorias das titulacións, axustándose sempre á presencialidade máxima posible e tendo en conta as recomendacións feitas ao respecto desta modalidade de docencia polo Ministerio de Universidades para o curso 2020/21”. Manuel Ramos aclara que, en tal caso, o punto 1.3 podería comezar así: “Para facer efectivo o indicado no punto anterior...”. Isto garantiría que a docencia non sería unicamente virtual, chegado o caso, preservando a necesaria presencialidade.

Ás 18:01 faise un receso de 5 minutos para estudar a proposta.

Reanúdase ás 18:07 o debate.

DEBATE:

Emilio Fernández propón a seguinte redacción: “A impartición dun título en modalidade semipresencial consiste en combinar docencia presencial e non presencial na proporción, forma e alcance (título íntegro, especialidade ou mención, curso ou materias) que cada centro considere adecuadas nun marco de coherencia coa memoria do devandito título. Unha das modalidades de docencia semipresencial será aquela na que só unha parte do alumnado permanece na clase xunto co profesor (que poderá seguir sendo do 100% nalgúns casos), seguindo o resto do alumnado as clases a distancia dun modo preferentemente síncrono”.

O reitor indica que esta proposta deixa aberta a porta a que poida desenvolverse de xeito non presencial toda a docencia. Emilio Fernández pregunta onde está a discrepancia e que está aberto a outras redaccións.

O reitor indica que se poden votar ambas propostas. Francisco J. Rodríguez aclara que prefire a redacción proposta no debate pero o reitor sinala que debe procederse a unha transacción en tal caso. Propónse a votación dos dous textos sobre o punto 1.2; a transacción e a proposta de Emilio Fernández (Ideas que Suman).

Texto transaccionado entre o base e Francisco F. Rodríguez: "Sen prexuízo do que se indicará respecto da modalidade non presencial, a modalidade mixta activarase mediante Resolución Reitoral sempre que as autoridades ditén unhas medidas sanitarias que así o exixan. Nesta modalidade, o alumnado combinará actividades docentes presenciais e non presenciais na proporción, forma e alcance que cada centro considere adecuado nun marco de coherencia coas memorias das titulacións, axustándose sempre á presencialidade máxima posible e tendo en conta as recomendacións feitas polo respecto desta modalidade de docencia polo Ministerio de Universidades para o curso 20202".

Emenda: "A impartición dun título en modalidade semipresencial consiste en combinar docencia presencial e non presencial na proporción e forma e alcance (título íntegro, especialidade ou mención, curso ou materias) que cada centro considere adecuadas nun marco de coherencia coa memoria do devandito título."

Francisco J. Torres fai unha precisión: O preámbulo obriga na interpretación do texto que, en puridade, non podería ser incoherente co alí exposto.

Emenda: 5 votos. Texto transaccionado: 35 votos. Abstención: 1.

Acéptase o texto transaccionado.

Para o punto 1.3 propónse votar entre o texto base: 31 votos, a emenda presentada pola Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (Elena Alonso): 5 votos; e a Escola Superior de Enxeñaría Informática (Francisco J. Rodríguez): 3 votos. Abstención: 1.

Acéptase o texto base.

4. A Reitoría porá a disposición dos centros unha solución informática para comunicar e difundir que alumnado pode asistir presencialmente en cada data da programación dos horarios, segundo a organización deseñada polo centro, garantindo, en todo caso, a igualdade de acceso por parte do alumnado ás actividades de docencia presencial.

DEBATE: Francisco J. Rodríguez quere incluír aos alumnos PIUNE. O reitor entende que é unha boa idea, que xa estaba no espírito do texto. Acéptase explicitalo.

5. Establecerase asemade unha dotación básica para as aulas físicas, de xeito que sexa posible a difusión das clases en modo síncrono desde as mesmas vía campusremoto.uvigo.gal, substituíndose a tal efecto o uso do encerado normal por un virtual, susceptible de ser visualizado polo alumnado non presente na aula na contorna do campus remoto.

DEBATE: Francisco J. Rodríguez propón un cambio na configuración da aula básica e na súa denominación.

Vótase entre o texto base (31) e a emenda (3). Abstencións (6).

Acéptase o texto base.

6. En particular, dependendo da dispoñibilidade orzamentaria, poderanse definir plans adicionais vinculados a determinados obxectivos de docencia innovadora para algunhas titulacións, que permitirán reorganizar tanto o espazo físico coma a dotación informática nun certo número de aulas para garantir axeitadamente a implantación das propostas, e con acceso ás seguintes melloras, ademais das básicas indicadas, de ser o caso:

- a) Mellora adicionais para as aulas e laboratorios docentes nas infraestruturas ligadas á docencia, en particular, nas aulas destinadas á docencia mixta, incluíndo hardware e software.*
- b) Mellora de aulas informáticas do centro.*
- c) Adquisición de materiais docentes para partillar co alumnado (fundamentalmente, manuais)*
- d) Programas informáticos especializados e substitución de prácticas físicas por virtuais.*
- e) Remodelación da páxina web do centro.*
- f) Axudas á creación de contidos dixitais en distintos formatos.*

DEBATE:

Elena Alonso intervén para explicar a súa emenda neste punto, que estaba en parte relacionada cos puntos anteriores, aínda que non é necesario votala.

Francisco J. Rodríguez explica que a súa emenda pretende eliminar este punto.

Vótase entre o texto base e a emenda da Escola Superior de Enxeñaría Informática. Votos a favor do texto base: 31. A favor da emenda: 7.

Acéptase o texto base.

7. Decretado o peche de centros docentes por Resolución Reitoral, a actividade docente continuará a impartirse de xeito síncrono non presencial mediante o Campus Remoto, prevéndose asemade o uso da plataforma de teledocencia FAITIC como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que poidan adoptarse para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes. Durante estes períodos os centros deberán adaptar os horarios para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar do profesorado.

DEBATE:

Francisco J. Rodríguez pretende eliminar a idea de síncrona do texto. Íñigo Cuiñas pide retirar a palabra “síncrona” que xa se eliminou no punto 1.2. Pensa que mellora a proposta cara a liberdade dos centros. O reitor indica que non hai problema en retirar a palabra síncrona, sempre que se entenda e se asuma que a clase será na contorna do Campus Remoto. Polo tanto, ou se retransmite ou se grava.

Susana Reboreda está de acordo, pero entón debe quedar claro que se garanta a gravación. O reitor indica que a gravación será voluntaria.

Hai acordo en retirar a palabra “síncrona”.

8. No caso contemplado no punto anterior, garantirase que o profesorado conte coas ferramentas informáticas adecuadas para impartir docencia de xeito virtual, polo que se debe contemplar que aquel profesorado que non dispoña das mesmas poida impartir a docencia dende o seu despacho no centro de traballo, se as condicións sanitarias o permiten. Se isto non fora posible, se lle proporcionará acceso aos medios necesarios para desenvolver a súa actividade docente non presencial, que poden ser os do seu propio despacho permitíndolle o acceso puntual para recollelos. Así mesmo, poranse en marcha axudas á conectividade para o alumnado que o precise.

DEBATE: Francisco J. Rodríguez pide que se poña simplemente “o centro de traballo”.

Hai acordo.

9. Tanto no caso de paso á modalidade de docencia mixta contemplada no punto 2, como á modalidade non presencial contemplada no punto 7, os centros, en coordinación con departamentos, serán os responsables de todos os aspectos relacionados coa organización e xestión da docencia, tal como recolle o artigo 37 dos Estatutos.

10. Durante os períodos de docencia mixta ou non presencial, o profesorado poderá gravar de forma voluntaria as súas sesións docentes, co fin de que o alumnado que teña problemas de conectividade, de dispoñibilidade limitada de equipos informáticos ou de conciliación coa vida familiar poidan acceder a elas de xeito asíncrono.

11. As gravacións con fins docentes na contorna das plataformas de teledocencia propias da Universidade de Vigo que inclúan a voz ou a imaxe do profesorado non poderán utilizarse posteriormente e/ou con finalidades distintas, salvo consentimento expreso do mesmo. En calquera caso, garantirase o dereito á propia imaxe do alumnado e do profesorado e os dereitos de propiedade intelectual sobre as eventuais gravacións rexeranse polo disposto na lexislación nacional na materia e a normativa propia da Universidade de Vigo.

II. Sobre as clases prácticas.

1. O profesorado planificará as clases prácticas en calquera espazo docente dos campus considerando que parte das mesmas é imprescindible desenvolver de xeito presencial, de ser o caso, e que parte pode substituírse por actividades non presenciais (vídeos docentes, laboratorios virtuais, etc.), tentando na medida do posible de axustar as prácticas esenciais máis dificilmente substituíbles aos períodos nos que estean en activo as modalidades presencial e mixta.

DEBATE: Francisco J. Rodríguez quere que se elimine o texto e aclara as razóns que o levan a esta petición. Íñigo Cuiñas está de acordo e expón as súas razóns, xa que pensa que está implícito nas obrigas do profesorado o texto.

Vótase entre o texto base (31) e a alternativa proposta (7). Abstencións (1).

Acéptase o texto base.

2. No que atinxe aos laboratorios docentes, cando non sexa posible gardar a distancia de seguridade, as prácticas só poderán realizarse cumprindo escrupulosamente as indicacións do servizo de prevención e riscos laborais en canto a uso de material de protección (EPIS) do profesorado e do alumnado que estean vixentes durante o período de realización das devanditas prácticas Os centros controlarán o cumprimento das devanditas indicacións e organizarán, de ser necesario e na medida do posible, o reordenamiento dos espazos docentes para garantir as distancias de seguridade.

DEBATE: Francisco J. Rodríguez propón engadir que os EPIS os proporcione a Xerencia.

Vótase entre o texto base (31) e a proposta da Escola Superior de Enxeñaría Informática (5). Abstencións (3)

Acéptase o texto base.

DEBATE:

Juan Pardo comenta que o desafío vai estar na parte práctica. Preocúpalle que se destinen demasiados fondos a cuestións menos prioritarias que aos laboratorios docentes. Pide que non se vexan minguados ou recortados como estamos a ver. Tratar de vencer as restricións investindo ben os recursos, xa que se trata de valores diferenciais. Quere que se recolla un punto específico sobre a importancia dos laboratorios: “Os laboratorios docentes considéranse esenciais para o correcto desenvolvemento dos contidos e representan un valor diferencial daquelas titulacións cun perfil máis técnico. Polo tanto, na medida das posibilidades orzamentarias, os presupostos dos laboratorios docentes non se verán minguados permitindo incorporar aquel equipamento e material que permita adaptarse as novas condicións sanitarias”.

Mónica Siota quere defender unha emenda sobre prácticas externas que aportou a Facultade de Dereito. Debería incorporarse un título específico III. Sobre as prácticas externas

As prácticas externas deberán desenvolverse en condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, tendo en conta a normativa vixente e o estipulado no correspondente Convenio de Cooperación Educativa. Durante os períodos de docencia mixta ou non presencial, poderán desenvolverse total ou parcialmente baixo a modalidade telemática.

Íñigo Cuiñas propón un punto específico parecido á proposta da Escola de Enxeñaría Industrial: “Na medida das posibilidades orzamentarias, os presupostos dos laboratorios docentes non se verán minguados en canto a aqueles gastos que supoñan empeoramento da seguridade sanitaria (material funxible, que de reducirse habería que reutilizalo, mais material de protección, etc)”.

Apróbase engadir ambas por acordo (unha como II.3 e outra como III.1)

III. Sobre os consentimentos do alumnado na convocatoria de matrícula.

O secretario xeral indica que é mellor substituír o título por “Sobre a información ao alumnado na convocatoria de matrícula”.

Acéptase.

1. Na convocatoria de matrícula, no que atinxe á docencia non presencial, advertirase ao alumnado da eventual gravación da súa voz ou da súa imaxe, o que se levará a cabo, de ser o caso, sempre na contorna e coas ferramentas virtuais propias da Universidade de Vigo, indicando as finalidades docentes para as que é necesaria a dita gravación, resultando a mesma voluntaria e sendo posible, en caso de negativa, acceder á aula virtual como oínte, desactivando a cámara e o micrófono, podendo participar a través do chat público.

DEBATE: Íñigo Cuiñas propón substituír non presencial por docencia en liña.

Acéptase.

2. O emprego con fins docentes na contorna do Campus remoto ou das plataformas de teledocencia propias da Universidade de Vigo de eventuais gravacións que inclúan a voz ou a imaxe do alumnado durante o curso académico en que as mesmas se leven a cabo non precisará do consentimento do alumnado, que deberá recabarse con anterioridade, no entanto, para autorizar usos posteriores e/ou finalidades distintas.

3. Na convocatoria da matrícula advertirase ao alumnado da posibilidade de gravación de probas de avaliación oral, así como do posible uso por parte do profesorado durante as probas de avaliación, de medios audiovisuais que faciliten certo control da súa voz e/ou da súa imaxe, incluíndo a cámara e o micrófono do seu móbil persoal, de ser preciso.

IV. Sobre as guías docentes.

1. A estrutura das guías docentes manterase sen modificacións, agás a inclusión dunha addenda que contemple tanto a impartición da docencia coma a avaliación non presencial, así como a garantía de que, nesta modalidade, o alumnado terá dispoñible online os materiais docentes necesarios para superar a materia. Nesta alternativa, primarase especialmente a avaliación continua. As addendas enviaranse desde os centros antes do 15 de xullo de 2020 á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, que as remitirá á Secretaría Xeral de Universidades e á ACSUG.

DEBATE:

Elena Alonso propón eliminar este punto e explica as razóns que xustifican a súa proposta.

Francisco J. Rodríguez propón un texto alternativo, porque non é posible garantir o acceso do alumnado a tales materiais. Mar García Señorán, Francisco Torres, Gil Garrote e Carmen Ruiz Hidalgo coinciden con esta proposta. O reitor explica que xa se retirou a palabra “todos os materiais docentes”. Carlos Ferro Soto incide neste aspecto, xa que pode supoñer unha carga excesiva para o profesorado. Debería haber información por parte da Biblioteca dos materiais en liña dispoñibles. O reitor propón facer un cambio na redacción que garanta que non se avaliará ao alumnado en

función de materiais das que non dispoñe. O secretario xeral propón unha posible redacción alternativa. O texto podería ser o seguinte: “que deberá basearse no material docente ao que o alumnado poida ter acceso sen restricións. A Universidade, a través dos centros, procurará que ese material sexa o máximo posible, solicitando as axudas pertinentes para tal efecto”.

Íñigo Cuiñas explica por que no seu centro se propuxo retirar este punto, xa que as guías docentes están reguladas. O reitor explica que se trata de procedementos ante a Xunta.

Juan Pardo opina que debe retirarse a expresión “nesta alternativa, primarase especialmente a avaliación continua”, entre outras cousas, por innecesaria e confusa. Juan Manuel Cruz Freire está de acordo. O reitor pensa que se pode eliminar, porque xa figura nos estatutos da Universidade.

2. Ademais deberanse establecer sistemas de avaliación alternativos para actividades de campo, laboratorio e outras prácticas, que serán de aplicación se houberse imposibilidade de realizalas presencialmente por causa de forza maior.

V. Sobre o plan de formación do profesorado para a docencia e avaliación online.

DEBATE: Marta Pazos pide que haxa participación da mesa de negociación neste asunto. Manuel Ramos indica que se está a preparar un plan formativo do PDI que se levará á mesa.

1. A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, a través da unidade de Formación e Innovación Educativa, fará unha proposta de cursos urxentes durante os meses de xuño, xullo e setembro, para a actualización voluntaria do profesorado á docencia non presencial, especialmente orientada á mellora da docencia e avaliación online.

2. Durante o curso 20/21 establecerase un itinerario formativo sobre a docencia e a avaliación online atendendo ás necesidades de centros e departamentos, que será voluntario para o profesorado. Nas actividades que integren o itinerario procurarase unha oferta suficiente para cubrir a demanda de prazas por parte do profesorado.

DEBATE:

Íñigo Cuiñas quere engadir un punto que indique que se garanta que todo o profesorado que o solicite poida acceder a estes cursos. Manuel Ramos indica que tamén estase a negociar, no marco da guía de innovación en formación educativa, e que contamos con persoal moi válido na área de innovación e información docente que xa están a traballar neste eido, aínda que só se conte cunha persoa, a pesar de que estase a incrementar o persoal. Hai un engadido ao final do punto 5.2. sobre isto: “procurarase unha oferta suficiente para cubrir a demanda de prazas por parte do profesorado”.

Susana Reboreda pregunta polo recoñecemento ao profesorado polo sobreesforzo nesta situación. O reitor indica que isto forma parte da negociación coa mesa sindical. Dependerá da evolución da situación económica.

Francisco Torres pregunta respecto do PAS. O reitor indica que o plan será triplo: para o PDI, PAS e alumnado. Francisco Torres aclara que se refería a “como se fai no PAS” para responder á solución de priorizar nos cursos a persoas que non teñan conseguido matricularse nun curso para que teñan prioridade de matrícula no seguinte.

VI. Sobre as condicións sanitarias nos centros.

1. Tódolos centros da Universidade de Vigo participarán na fase piloto do protocolo establecido polo SERGAS que ven de publicar a Consellería de Educación, aspirando a cumprir todos e cada un dos aspectos contemplados na Guía de recomendacións para unha universidade segura. A este respecto, ademais das medidas centralizadas, cada centro deberá aprobar un plan de prevención específico, que deberá ser elaborado conxuntamente polo equipo decanal/directivo e o Servicio de Prevención de Riscos Laborais, e refrendado pola Xunta de Centro.

DEBATE:

Francisco J. Rodríguez quere cambiar o nome para que se axuste ao do SERGAS. Prefire que se proporcionen modelos aos centros. O reitor está de acordo no cambio de denominación. Explica como será o procedemento a seguir, partindo do Servicio de Prevención e Riscos Laborais e que despois os centros o adapten as súas necesidades.

Íñigo Cuiñas quere que sexa o Servicio de Prevención quen elabore o plan e que os centros fagan suxestións e non ter que aprobalo os centros. Juan Pardo e Elena Alonso inciden neste asunto. O reitor propón unha redacción alternativa, para que teña o referendo do servizo. O servizo fai o documento base, é modificado polo centro e referendase polo centro.

Arno Formella comenta a situación particular do seu centro, que está repartido entre outros varios, e pide que se teña en conta. O reitor explica que estase a falar de espazos coa Alcaldía de Ourense.

2. A Vicerreitoría de Planificación, a través do encargo á Unidade Técnica, elaborará un plan de circulación para cada un dos edificios docentes que estará a disposición de cada equipo decanal ou directivo a finais de xuño, para que procedan á súa adaptación.

3. Cada centro designará unha persoa como interlocutora co Servicio de Prevención de Riscos Laborais e coa Dirección Xeral de Saúde Pública, que comunicará todas as cuestións relacionadas coa seguridade sanitaria do centro, entre as que se incluírán a organización de xornadas, congresos e outras actividades que xunten a persoas non habituais no centro, para a súa avaliación. Ocuparase tamén de remitir as comunicacións de casos confirmados de contaxio.

Íñigo Cuiñas pide que se simplifique. O reitor indica que está tomado do plan do SERGAS. Non ten inconveniente en retirar o sobrante (tal e como queda tachando). Francisco Torres pregunta sobre o inciso final. O reitor comenta que se faría por resolución reitoral.

Admítese unha disposición adicional presentada por Ideas que Suman:

Disposición adicional

Nos cinco días naturais seguintes á aprobación deste acordo, o reitor aprobará e publicará un calendario para o desenvolvemento das súas previsións.

Delégase na Secretaría Xeral e na Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado a corrección dos aspectos técnicos e formais. Unha vez que o texto estea rematado, remitirase aos membros do Consello, por se desexan facer algún comentario.

O reitor propón unha votación sobre o conxunto do documento, ou ben que se aprobe por asentimento.

Ninguén pide votación polo que o texto final, coas modificacións indicadas, queda aprobado por asentimento.

2. Aprobación, se procede, do plan de melloras para a posta en marcha das medidas extraordinarias transversais cara ao curso 2020/21 na Universidade de Vigo.

O reitor procede a listar sumariamente as medidas, que figuran nun documento que foi axuntado coa documentación aportada a presente reunión e que consta de medidas sanitarias, tecnoloxías aplicadas ao ámbito académico, o plan formativo do PDI e outras medidas varias.

María Vera Isasa comenta que neste documento hai un apartado que fala sobre a formación do PDI. No plan formativo do PDI entende que hai unha declaración de intencións, que podería manterse, pero logo entrase nun detalle que debería ir á mesa de negociación (en concreto, a partir do parágrafo terceiro do punto catro). O reitor e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado explican o sentido do documento. Conclúese que aspectos concretos tal vez podería estudarse a supresión, aínda que está aliñado coas indicacións da CRUE, da Xunta e do Ministerio. A mención aos niveles de certificación de profesorado podería eliminarse (os parágrafos 3 e 4).

Francisco J. Rodríguez amosa a súa preocupación sobre a opinión dos centros e pregunta os detalles da financiación. O reitor explica que se estudará a raíz de que se aproben as medidas. Descoñecemos aínda o que poderá ofrecer a Xunta. Explica como son os equipo técnicos que se están a examinar así como outros puntos relativos ao plan.

Íñigo Cuiñas comenta que está a favor de certos puntos, pero que outros son mellorables. Ás veces, bastaría con pequenas modificacións. Procede a explicalas: nas páxinas 1, 3, 4 particularmente. Refírense sobre todo a certas opcións de gasto, a incrementar a participación dos centros na toma de decisións e aos problemas que plantexa a docencia mixta. Insiste nos problemas dos laboratorios docentes. Pregunta por que non se pode facer docencia orientada a proxectos no Campus Remoto. Insiste na posibilidade de que os centros tomen decisións en materia do tipo de docencia. O reitor responde aos comentarios de Íñigo Cuiñas.

O reitor propón unha modificación que podería incluírse na normativa de desenvolvemento, cara a modular os espazos dispoñibles segundo as capacidades dos centros.

Emilio Fernández pregunta polos tempos deste procedemento, xa que non lle quedan claros. Pregunta cando se mandará á Xunta e se se poderá esperar a despois do un de xullo, para garantir a participación dos centros. O reitor indica que quere ter canto antes os cartos dos que podería dispoñer, para poder abordar as medidas necesarias cara ao comezo do curso. Insiste na urxencia de aprobar este documento, porque encaixa nun conxunto de solicitudes que poderán ser tramitadas inmediatamente.

Francisco J. Rodríguez comenta que no seu centro recortaranse os fondos para laboratorios docentes. Reitera a súa petición de manter a partida 626. O reitor comprométese persoalmente a

mantela dita partida se se acadan os fondos que se van pedir. Francisco J. Rodríguez está de acordo. José Manuel Cruz indica que se acaba de aprobar un compromiso de apoio aos laboratorios docentes.

Apróbase por asentimento, incluíndo os cambios propostos.

3. Aprobación, se procede, do protocolo para a preparación de propostas específicas para centros cara ao curso 20/21.

O reitor explica que este punto é complementario do anterior. Explica as liñas básicas. Pensa que se pode aprobar hoxe a formación da comisión e que se elixiría no seguinte Consello.

Susana Reboreda pregunta pola participación dos decanos e directores. Acórdase que serán dous por cada ámbito (catro ámbitos, un total de 8) e un de ciencias da saúde.

Francisco J. Rodríguez quere acelerar o máximo posible este proceso. Cre que non é necesario montar outra comisión. O reitor opina que a comisión pode comezar a funcionar pronto.

Susana Reboreda pensa que á comisión poden chegar as propostas dos centros. O reitor propón incluír esta posibilidade.

Emilio Fernández comenta que o problema é non saber o que queren os centros, na idea proposta por Francisco J. Rodríguez e de Susana Reboreda.

Acórdase que antes do 1 de xullo os centros poderán presentar propostas de liñas de actuación para a súa avaliación por esta comisión. Susana Reboreda pide que se envíen unhas liñas básicas aos centros. O reitor está de acordo.

Apróbase por asentimento coas especificacións indicadas.

4. Aprobación, se procede, de modificacións no calendario académico para o curso 2020-21

O reitor cede a palabra ao secretario xeral que explica que a modificación do calendario obedece á fixación pola Xunta do inicio da actividade académica lectiva o día 21 de setembro. Simplemente, trasladáronse as datas do anterior para poder axustalas á nova data de comezo. Proponse deixar aprobada a modificación á espera da xuntanza do día 15 do Reitor coa Consellería para activar a modificación aprobada ou non. Delegarase no reitor a decisión final.

Apróbase a modificación do calendario, pero delégase no reitor manter a eficacia da mesma, en dependencia das indicacións da Xunta de Galicia.



5. Aprobación, se procede, da doazón á Universidade de Vigo do equipo "Patch Clamp" (fixación de membranas) polo Karolinska Institute (Suecia).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que aclara en que consiste a doazón. O equipo quedaría instalado no CINBIO e está en perfecto uso. Pensa que é unha boa oportunidade xa que se trata dunha doazón gratuíta.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da declaración de interese do Máster Desafíos das Cidades Atlánticas no marco do proxecto POCTEP Universidade sen Fronteiras.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación que explica as liñas básicas do proxecto, no que participan as Universidades de Minho, Oporto, UTAD, UdC e USC.

Apróbase por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 21:00 h. do día 12 de xuño de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral